

Proxecto cofinanciado



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
UNION EUROPEA



# CONNECT@-T NO RURAL



Conectat@ no rural by [Federación de Empresarios Costa da Morte](http://www.fecomgalicia.com) is licensed under a [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 3.0 Unported License](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/). Creado a partir de la obra en [www.fecomgalicia.com](http://www.fecomgalicia.com).

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ENTIDADE</b>	<b>2</b>
1.1 PRESENTACIÓN	2
1.2 ESTRUCTURA DA ENTIDADE	3
1.3 ÁMBITO DE ACTUACIÓN	4
<b>MEMORIA DAS ACTIVIDADES</b>	<b>5</b>
2.1 INTRODUCCIÓN	5
2.2 OBXECTIVOS	5
2.3 DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES	6
2.4 DESTINATARIOS	7
2.5 PROVEEDORES E RELATORES	7
2.6 RECURSOS TÉCNICOS EMPREGADOS	9
2.7 ORZAMENTO E GASTOS PREVISTOS	10
2.8 CALENDARIO DE EXECUCIÓN	10
2.9 COMPETENCIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO	11

## **DATOS IDENTIFICATIVOS DA ENTIDADE**

### **1.1 PRESENTACIÓN**

A Federación de Empresarios “Costa da Morte” (FECOM), constitúese no ano 1995. A Organización nace para fomentar e defender os intereses xerais do empresariado, propiciando o desenvolvemento territorial, social, cultural e de servizos da Costa da Morte.

A Federación de Empresarios Costa da Morte é unha organización de asociacións de empresarios legalmente constituída, que desenvolve a súa actividade dentro do ámbito xeográfico de dezasete municipios pertencentes ás comarcas de Bergantiños, Fisterra, Terra de Soneira e Xallas. Trátase dunha entidade sen ánimo de lucro, independente, de afiliación voluntaria e estrutura democrática, que agrupa a mais de 1.000 empresas, especialmente pemes.

### **DATOS IDENTIFICATIVOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

**Denominación:** Federación de Empresarios Costa da Morte (FECOM)

**CIF:** G15511066

**Estatuto legal:** Asociación privada sen ánimo de lucro

**Dirección:** C/Obispo Romero Lema, s/n, Edificio Plaza – Entreplanta Portal A. 15150.  
Baio. Zas. A Coruña.

**Teléfono/Fax:** 981 71 83 88

**E-mail:** [info@fecomgalicia.com](mailto:info@fecomgalicia.com)

**Http://:** [www.fecomgalicia.com](http://www.fecomgalicia.com)

**Facebook:** <http://www.facebook.com/pages/Federación-de-Empresarios-Costa-da-Morte/208017675888404>

**Presidente:** D. José Gabín Martínez

**Vicepresidente:** D. José Santos Rial

**Secretario:** D. Fidel Roget Barrientos

**Tesorero:** D. Fernando Couto García

A labor esta entidade desenvólvese con amaño os acordos tomados entre os órganos de dirección, as propostas das distintas asociacións e os seus Estatutos, depositados, xunto á Acta de Constitución, segundo a Lei 19/1977, de abril e o R.D.

876/1977 de 22 de abril, na Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, con data de 15 de marzo de 1995.

## 1.2 ESTRUCTURA DA ENTIDADE

A estrutura da Federación está recollida en los títulos III e IV dos estatutos, como pode verse no seguinte organigrama:



**XUNTA DIRECTIVA.** É o órgano de goberno da federación e está composto por dous membros de cada unha das asociacións de empresarios que a integran, e un representante dos empresarios individuais socios.

**PRESIDENTE.** Preside todos os órganos de FECOM, dirixe os debates, executa os acordos, representa á federación e, entre outras funcións, propón o nombramento de cargos técnicos que sexan necesarios para as actividades da federación. Está asistido polo vicepresidente.

**SECRETARIO.** Levanta acta das reunións que celebran os órganos da mesma e ten ó seu cargo a dirección de persoal e servizos.

**TESORERO.** Leva o control das contas da entidade.

**COMISIÓN ASESORA.** É o órgano ordinario de información, asesoramento e consulta de FECOM. Está integrada polo Presidente, o Secretario e dous vocais.

**XERENTE E ASISTENCIA TÉCNICA.** É a persoa nomeada por FECOM con voz pero sen voto, salvo que recaía este cargo nun membro da Xunta Directiva. Correspóndelle a dirección e funcionamento técnico e administrativo dos servizos da entidade. O seu nomeamento e renovación depende da Xunta Directiva.

### **ASOCIACIÓNS INTEGRANTES:**

- Asociación de Empresarios “Costa da Morte” de Cee.
- Asociación de Empresarios de Vimianzo.
- Asociación de Empresarios e de Promoción Turística de Camariñas.
- Asociación de Empresarios de Ponteceso.

- Asociación de Empresarios de Malpica.
- Asociación de Empresarios “Ara Solis” de Fisterra.
- Asociación de Empresarios de Santa Comba.
- Asociación del Automóvil de Baio.
- Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte.
- Asociación de Empresarios de Dumbría.
- Asociación de Exportadores de Pescado de Malpica.

**LOCAIS E EQUIPAMENTO.** A federación dispón dun local duns 60 m<sup>2</sup> equipado con seis equipos informáticos, 4 mesas de despacho, unha mesa de reunións, 40 cadeiras e outro mobiliario. Ten, ademais, unha aula de formación e aplicación en novas tecnoloxías da información, composta de 15 equipos intel celeron (full equip), catro impresoras, proxector e pantalla.

### 1.3 ÁMBITO DE ACTUACIÓN

A Federación de Empresarios Costa da Morte ten un ámbito de actuación superior ó comarcal, xa que abarca as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Terra de Soneira e Xallas.

COMARCA	CONCELLOS	
BERGANTIÑOS	Cabana Carballo Coristanco Laracha	Laxe Malpica Ponteceso
FISTERRA	Cee Corcubión Dumbría	Fisterra Muxía
TERRA DE SONEIRA	Camariñas Vimianzo	Zas

# MEMORIA DAS ACTIVIDADES

## 2.1 INTRODUCCIÓN

Este proxecto que queremos poñer en marcha baixo a denominación *Conect@-t no rural*, co fin de difundir e dar a coñecer novas tecnoloxías da sociedade da información, encádrase na liña de actuación A, xa que pretendemos realizar e organizar eventos de promoción e difusión da sociedade da información. Este proxecto vai constar dunha xornada sobre o software libre e de tres sesións de demostración práctica do uso das redes sociais: unha celebrarase na sede de Fecom e as outras en dúas das nosas asociacións asociadas, Camariñas e Ponteceso.

## 2.2 OBXECTIVOS

O principal obxectivo deste proxecto é fomentar e difundir dous campos novidosos e importantes da sociedade da información, como son as redes sociais e o software libre.

Primeiramente, cómpre destacar a importancia que, cada vez máis, están adquirindo as redes sociais como forma de interacción social, como intercambio dinámico entre persoas, grupos e institucións. Por iso, pensamos que unhas sesións de demostración práctica do uso destas redes sociais poderían ser de gran utilidade e interese para a xente do noso ámbito de influencia, A Costa da Morte, por iso, a idea é intentar abarcar toda a zona ofertando estas sesións na sede de FECOM, en Baio, en Camariñas e en Ponteceso.

Ademáis, tamén somos conscientes da importancia, aínda que descoñecido para moitos, do software libre. Por iso, pretendemos celebrar unha xornada para informar, difundir e fomentar o uso do floss no ámbito empresarial da Costa da Morte. Cremos que é unha ferramenta capaz de dotar ás empresas de maior eficiencia á hora de investir en TIC, podendo acadar maiores niveis de produtividade e competitividade.

Para moita xente esta ferramenta segue sendo unha descoñecida, por tanto, o obxectivo deste seminario é ofrecer ó ámbito empresarial da Costa da Morte unha presentación sobre o software libre, descrición e beneficios, ademais de dar a coñecer os

produtos e servizos de software libre que mellor que lle adapten e respondan as súas necesidades tecnolóxicas concretas.

Resumindo, os principais obxectivos que se pretenden acadar con este proxecto é difundir e conseguir un maior coñecemento das tecnoloxías da sociedade da información, centrándonos en dous conceptos tan novidosos como son as redes sociais e o software libre.

## **2.3 DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES**

*Conect@-t no rural* vai constar dunha xornada de software libre e de tres sesións de demostración práctica do uso das redes sociais. O temario dos eventos será o seguinte:

### ***Xornada de Redes Sociais (4h) en Fecom (Baio)***

- Breve introducción ás Redes Sociais (RRSS)
- Principais RRSS na actualidade
  - Facebook
    - Diferencias entre perfil persoal / páxina de empresa ou marca / grupo
    - Estatísticas e seguimento dos nosos usuarios
  - Twitter
    - Creación dun perfil
    - Descrición dos conceptos: followers / following / Listas / Direct Message / Replay / Retweet
    - Protocolo de boas maneiras en Twitter
- Protocolo de Comunicación en RRSS para organizacións
- Taller e Prácticas

### ***Xornada de Facebook (4h) en Camariñas***

- Breve introducción ás Redes Sociais (RRSS)
- Principais RRSS na actualidade
  - Facebook
    - Diferencias entre perfil persoal / páxina de empresa ou marca / grupo
    - Estatísticas e seguimento dos nosos usuarios
- Protocolo de Comunicación en RRSS para organizacións
- Taller e Prácticas

### *Xornada de Twitter (4h) en Ponteceso*

- Breve introducción ás Redes Sociais (RRSS)
- Principais RRSS na actualidade
  - Twitter
    - Creación dun perfil
    - Descrición dos conceptos: followers / following / Listas / Direct Message / Replay / Retweet
    - Protocolo de boas maneiras en Twitter
- Protocolo de Comunicación en RRSS para organizacións
- Taller e Prácticas

### *Xornada de software libre (4h) en Fecom (Baio)*

- Que é?
- A importancia do Software Libre
- Tipos de e beneficios do S.L.
- Instalando OpenOffice
- Onde descargar ou atopar máis S.L.
- Taller e Prácticas

Para a difusión destes eventos utilizaranse tanto a páxina da propia Federación como as páxinas das asociacións socias, así como a través do facebook e outras redes sociais. Ademais distribuiranse tamén carteis informativos.

## **2.4 DESTINATARIOS**

Preténdese que esta iniciativa teña repercusión na sociedade da Costa da Morte e, sobre todo, nos concellos de Zas, Camariñas e Ponteceso, onde se van celebrar os eventos. As actividades van dirixidas a todo o público en xeral e, en particular, ás persoas maiores de 50 anos, no caso das sesións de redes sociais para achegarlle e difundirle unha nova maneira de comunicación; e ó sector empresarial, no caso da xornada de software libre, para darlles a coñecer esta ferramenta así como os produtos e servizos floss que mellor se adapten as súas necesidades empresariais e tecnolóxicas.

## **2.5 PROVEEDORES E RELADORES**

O noso proveedor é **Galinus Taller de Novos Medios**, unha empresa de Corcubión adicada, con máis de oito anos de experiencia, ó marketing e á comunicación en internet. Realizou proxectos para diferentes clientes, como a Xunta de Galicia, o

Concello da Coruña, Nordesía, Mestrelab, Pumade S.A., Museos Científicos Coruñeses, Fegamp, Gigirey Abogados, entre outros.

Dentro do seu sector, especializáronse en marketing online, consultoría estratéxica, desenvolvemento de plans estratéxicos personalizados, creacións de webs corporativas e servizo de identidade dixital, implementación de servizos e-commerce, social media marketing e formación 2.0.

No eido da subvención, Galinus pode avaliar ampla experiencia na organización e desenvolvemento de cursos, congresos e xornadas relacionados coas TICs. Destacamos algunhas nas que participaron no último ano:

- **Curso OFI-TIC de ferramentas web 2.0.** Organizado polo Concello de Vimianzo e Galinus. Decembro 2010- Marzo 2011.
- **Turis- Tic: Auditorías de impacto para webs turísticas.** Organizado por Abertal e Turgalicia. 2010.
- **Xornadas de formación do Cluster do Libro: Comercialización digital do libro galego.** Organizado por Abertal e cluster do Libro. Novembro 2010.
- **Web 2.0 no entorno empresarial e nos negocios.** Organizado pola Universidade de Vigo. Xuño- Xullo 2010.
- **Día do emprendedor 2010.** Organizado por Xunta de Galicia. Xuño 2010.
- **IV Xornadas TADEGa (Tecnoloxías de Atención á Diversidade na Educación Galega).** Organizado por TADEGa. Febreiro 2010.
- **Obradoiro sobre ferramentas dixitais.** Organizado pola Fundación Eduardo Pondal. Xaneiro 2010.
- **I Salón Turístico de Galicia (Turexpo).** Organizado pola Xunta de Galicia. Novembro 2009.
- **I Xornadas de Aplicacións didácticas na Web 2.0.** Organizado polo Concello de Ponteceso e a Xunta de Galicia. Novembro 2009.

Para a realización dos eventos que temos programados desde Fecom, contaremos coa participación de **dous relatores** Daniel Cerqueiro García, xerente e consultor en comunicación online, e Javier Mosquera Gómez, experto en redes sociais e comunicación 2.0. (Adxuntamos CVs)

## 2.6 RECURSOS TÉCNICOS EMPREGADOS

Os recursos que se empregarán para a realización destas xornadas e sesións será o uso de ordenadores con conexión a internet a través do software libre Mozilla Firefox, OpenOffice, entre outros xa que para promover o uso destas ferramentas Floss non hai mellor maneira que o seu uso para a realización das actividades descritas.

A Federación de Empresarios Costa da Morte dispón dun local duns 60 m<sup>2</sup> equipado con seis equipos informáticos, 3 mesas de despacho, unha mesa de reunións, 40 cadeiras e outro mobiliario. Ten, ademais, unha aula de formación e aplicación en novas tecnoloxías da información, composta de 15 equipos intel celeron (full equip), cinco impresoras, proxector e pantalla.

A Asociación de Empresarios de Ponteceso dispón dun local, duns 115 m<sup>2</sup> equipado con catro equipos informáticos, 2 mesas de despacho, unha mesa de reunións, 40 cadeiras e outro mobiliario. Dispón, ademais, dunha Aula de formación e aplicación de novas tecnoloxías de marketing e presentación, equipada con 15 ordenadores persoais, 5 impresoras multifunción, proxector e pantalla.

A Asociación de Empresarios de Camariñas ten disposición dunha aula de informática equipada con 15 ordenadores persoais, 2 impresoras multifunción, proxector e pantalla.

## 2.7 ORZAMENTO E GASTOS PREVISTOS

No cadro que se mostra a continuación podemos observar o orzamento detallado para os dous relatores que se van encargar da realización dos eventos anteriormente descritos.

As cifras van sen IVE:

ORZAMENTO DO PROXECTO					
Conceptos	Ponteceso	Baio	Camariñas	Software Libre (Baio)	Total
Ponencia	300,00 €	300,00 €	300,00 €	300,00 €	1.200,00 €
Elaboración dos contidos	200,00 €	200,00 €	200,00 €	200,00 €	800,00 €
Dietas	20,00 €	20,00 €	20,00 €	20,00 €	80,00 €
Desprazamentos (0.19 €/km)	20,90 €	15,20 €	20,90 €	15,20 €	72,20 €
Total por relator	540,90 €	535,20 €	540,90 €	535,20 €	2.152,20 €
<b>Total proxecto (2 relatores)</b>	<b>1.081,80 €</b>	<b>1.070,40 €</b>	<b>1.081,80 €</b>	<b>1.070,40 €</b>	<b>4.304,40 €</b>

## 2.8 CALENDARIO DE EXECUCIÓN

A realización destes eventos está prevista para o mes de setembro en horario de tarde (16:00 a 20:00h), cunha duración de catro horas cada unha.

Celebraránse a partir do 14 de setembro todos os mércores do mes no mesmo horario, agás a xornada de *Software libre* en Baio que se levará a cabo o luns 19 de setembro.

	Ponteceso	Baio	Camariñas
Uso Redes Sociais	Mércores,14.09.11	Mércores,20.09.11	Mércores,28.09.2011
Software Libre		Luns, 19.09.2011	

## 2.9 COMPETENCIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO

A Federación de Empresarios Costa da Morte considérase competente para a execución do proxecto que describe nesta memoria, porque ten a experiencia e a capacidade suficientes para o seu desenvolvemento. A Federación considera que os criterios mais relevantes que defenden a súa competencia para a execución destas actividades, son os que se enumeran a continuación:

- I. Trátase dun servizo de interese xeral e social por tódolos obxectivos que pretende acadar.
- II. Calidade e viabilidade técnica, xa que existe perfecta coherencia entre as actividades a realizar, orzamentos e recursos a empregar; ademais de quedar demostrada a capacidade e traxectoria profesional do proveedor e relatores das xornadas.
- III. Trátase dun proxecto estratéxico, con especial importancia e incidencia social e empresarial na zona; innovador, no sentido de dar a coñecer novos usos e ferramentas descoñecidas para moitos usuarios; e de interese, pois é unha iniciativa interesante co fin de difundir, informar e ensinar.
- IV. Capacidade técnica da Federación en materia de sociedade da información, demostrable a través da súa web: [www.fecomgalicia.com](http://www.fecomgalicia.com) e a páxina de facebook <http://www.facebook.com/pages/Federación-de-Empresarios-Costa-da-Morte/208017675888404>
- V. **Emprego da Lingua Galega na elaboración e realización de tódolas actividades.**
- VI. Impulso ó código libre e ó software de fontes abertas, de dúas maneiras: a utilización dun software libre para a realización das sesión de demostración do uso das redes sociais, e a realización da xornada de software libre.